servizos existentes porque se pode pasar por unha mala estrada pero non prescindir de servizos que afectan a moitos cidadáns. Por último indicou que o concello aproba un plan do que sairá saneado e en mellores condicións que outros concellos sen subir impostos e sen rebaixar prestacións sociais.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP).**

Votos en **contra: 1 (Grupo Municipal Mixto).**

Abstencións: 6 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar o plan económico-financeiro que consta das seguintes partes:

1. Avaliación da estabilidade orzamentaria que afecta á entidade local; reiterase o informe sectorial da liquidación do orzamento e separado que se achega.
2. Relación e avaliación dos entes dependentes
3. Proxeccións orzamentarias nos anos de vixencia ou escenario temporal do plan (2011-2013) cun desglose mínimo de capítulos
4. Explicación dos axustes e memoria explicativa das variacións interanuais
5. Outra información adicional

Variacións interanuais:

Impostos directos: + 2,5 % interanual

Impostos indirectos: + 2,5 % interanual

Taxas e outros ingresos: + 3,5 % interanual

Gastos de persoal: + 1,5 % interanual

Gastos correntes: + 3,5 % interanual

Outras

SEGUNDO: Remitir o plan aprobado aos organismos correspondentes.-----

475º) PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2011. ORZAMENTOS SEPARADOS. CADRO DE PERSOAL. Polo **Sr. Secretario** dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 24 de marzo sobre esta proposta.

O **Sr. López Méndez, concelleiro do Grupo Municipal do PP**, deu lectura ao seguinte escrito:

“””” **ORZAMENTO 2011**

O orzamento xeral do Concello para ó 2011 ascende á cantidade de 30.846.559,67€, despois das eliminacións internas correspondentes, quedando os cinco entes por separado con ós seguintes orzamentos:

– **ENTIDADE LOCAL. - 17.398.423,37€**

-	O. A. TERRA DE SANXENXO.-.....	4.724.385,61€
-	O.A. XERENCIA DE URBANISMO.-	821.274,26€
-	NAUTA SANXENXO, S.L. .-	11.975.536,30€
-	INSULA SANXENXO, S.L. .-.....	1.000,00€
	SUMATORIO PROVISIONAL.	34.920.619,54€
	ELIMINACIONES INTERNAS.	- 4.074.059,87€
	SUMATORIO DEFINITIVO.	30.846.559,67€

Os presupostos 2011 desglosados por entidades e capítulos, queda da seguinte maneira.

ENTIDADE LOCAL

-ESTADO DE INGRESOS - OPERACIONES CORRIENTES.

CAPITULO 1.- IMPOSTOS DIRECTOS.- A sua consignación axústanse ós dereitos liquidados no exercicio 2010, procedendo a maior cantidade destes ingresos, do **I.B.I, I.V.T.M., e I.A.E**, principalmente, agás a previsión de novas altas de IBI por 300.000,00€. **Total do capítulo.- 7.019.000,00€ (40,34%) do consignado.**

CAPITULO 2.- IMPOSTOS INDIRECTOS.- Disminúen especialmente con respecto a exercicios anteriores, entre outros motivos debido a crise económica actual, que ten unha repercusión especial no **ICIO, Plusvalías, Licencias de obras e outros ingresos ordinarios**. A cifra presupuestada é de solo 500.000,00€, cifra adaptada o liquidado no exercicio anterior. Recordar ademáis que en este capítulo liquidáronse 4.244.000€ no exercicio 2007, polo que se produciu unha caída do 64,66% . **Total do capítulo.- 500.100,00€ ó (2,87%) do consignado.**

CAPITULO 3.- TAXAS, PRECIOS PUBLICOS E OUTROS INGRESOS.- Axústanse ós dereitos liquidados no exercicio 2010, obtendo a maior fonte destes ingresos da **Taxa de auga, saneamento, abastecemento, depuración e pola taxa de lixo**. **Total do capítulo.- 5.693.400,00€ ó (32,72%) do consignado.**

CAPITULO 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES.- Axústanse ós dereitos reconecidos no ano 2010, consignando este ano en **Transferencias do estado** a cantidade de 576.000,00€ o que supón unha redución de **-199.000,00 €**, con respecto o ano anterior, e inclúese neste exercicio unha subvención corrente de 687.989,40€, para a Escola-Obradoiro, concedida pola Xunta de Galicia. **Total do capítulo.- 3.713.989,40€ ó (21,35%) do consignado.**

CAPITULO 5.- INGRESOS PATRIMONIALES.- Axústanse os dereitos reconecidos no ano anterior, obtendo a maior fonte de ingresos da **concesión administrativa das praias**. **Total do capítulo.- 61.933,97€ ó (0,36%) do consignado.**

Os ingresos correntes da Entidade Local, ascenden a 16.988.423,37€.

-ESTADO DE INGRESOS - OPERACIONES DE CAPITAL.

CAPITULO 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.- Consignase un total de 410.000,00€ procedentes da transferencia da Xunta de Galicia.

ESTADO DE GASTOS – OPERACIONES CORRIENTES.

CAPITULO 1.-GASTOS DE PERSOAL.- Contéplase unha redución do **- 5,05% de altos cargos, - 2,96% do personal eventual, - 0,42% do personal funcionario e do - 3,26% do personal laboral**, obtendo unha media do **- 1,86%**, con respecto o ano anterior. **Total do capítulo.-**

4.955.894,31€ ó (28,48%) do consignado.

CAPITULO 2.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS.- Axústanse ás obrigacións reconocidas no exercicio 2010, designando a maior cantidade deste capítulo os **canons da auga, depuración, saneamento, limpeza viaria e recollida de lixo e Sogama. Total do capítulo.- 6.312.469,19€ ó (36,28%) do consignado.**

CAPITULO 3.- GASTOS FINANCIEROS.- Axústanse as obrigacións reconocidas no exercicio 2010. **Total do capítulo.- 350.000,00€ ó (2,01%) do consignado.**

CAPITULO 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES.- Aumentan a transferencia a O. A. Terra de Sanxenxo, debido sobre todo, por que se volve a pasar a partida correspondente o canon do Centro de Día. **Total do capítulo.- 4.140.059,87€ ó (23,80%) do consignado.**

Os gastos correntes da Entidade Local, ascenden a 15.758.423,37€.

Polo tanto ós ingresos correntes superan en 1.230.000€ ós gastos correntes.

-ESTADO DE GASTOS. OPERACIONES DE CAPITAL.

CAPITULO 6.- INVERSIONS REALES.- Neste capítulo contemplase unha partida de 410.000,00€ para a Gardería do Revel, e 138.000,00€ para outras accións inversoras, ademais de continuar co Centro Socio-cultural do Revel, que se sufragará mediante incorporacións de remanentes de crédito. **Total do capítulo.- 548.000,00€ ó (3,15%) do consignado.**

CAPITULO 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.- **Total do capítulo.- 62.000,00€ ó (0,36%) do consignado.**

CAPITULO 9.- PASIVOS FINANCIEROS.- **Total do capítulo.- 1.030.000,00€ ó (5,92%) do consignado.**

O.A. TERRA DE SANXENXO.

ESTADO DE INGRESOS.

CAPITULO 3.- TAXAS, PRECIOS PUBLICOS E OUTROS INGRESOS.- As previsións de ingresos adáptanse a liquidación do exercicio precedente, sendo a maior fonte de ingresos a Taxa polo uso da piscina con (283.000€), e a Taxa prestación servizos sociais (105.000€). **Total do capítulo.- 527.500,00€ ó (11,17%) do consignado.**

CAPITULO 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES.- Adaptando tamén os créditos dentro dos diferentes ambitos funcionais e coa finalidade de equilibrar o orzamento, auméntase a transferencia da Entidade Local (debido principalmente a consignación do canon do Centro de Día, que retorna a este organismo autónomo, despois de que no 2010 estivese afecto á transferencia corrente do 30% do F.I.E.L. 2010) e mantéñense todas as partidas de todos os servizos e programas, que este organismo dá a todos os veciños, como son **(os programas de axuda a familia, a infancia, a xuventude e os maiores, axuda no fogar, emexenxia social, educación familiar, atención a terceira idade, a infancia e a xuventude, escola de música, centro de arte, escolas infantís municipais, animación socio-cultural, actividades culturais, axudas aos centros educativos, escolas deportivas, campus polideportivo, e subvencións a clubs e asociacións, etc.). Total do capítulo.- 4.196.885,61€ ó (88,83%) do consignado.**

ESTADO DE GASTOS.

CAPITULO 1.- GASTOS DE PERSONAL.- Contémplase unha redución do - **1,45%** do personal funcionario e do - **2,48%** do personal laboral. Total do capítulo.- 1.704.603,61€ ó (36,08%) do consignado.

CAPITULO 2.- GASTOS CORRENTE EN BENS E SERVICIOS.- Contemplase crédito suficiente para cubrir tódolos gastos de servizos externos, como poden ser os de limpeza, enerxía eléctrica, garderías, canón do centro de día, piscina e outras instalacións municipais. Total do capítulo.- 2.641.872,00€ ó (55,92%) do consignado.

CAPITULO 3.- GASTOS FINANCIEROS.- Total do capítulo.- 25.000,00€ ó (0,53%) do consignado.

CAPITULO 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES.- Total do capítulo.- 352.910,00€ ó (7,47%) do consignado.

O.A. XERENCIA DE URBANISMO.

ESTADO DE INGRESOS.

CAPITULO 3.- TAXAS, PRECIOS PUBLICOS E OUTROS INGRESOS.- As previsións de ingresos adaptaciónse a liquidación do exercicio precedente, sendo a maior fonte de ingresos a **Taxa por licencias urbanísticas** (340.000€). Total do capítulo.- 380.000,00€ ó (46,27%) do consignado.

CAPITULO 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES.- Coa finalidade de equilibrar o orzamento, auméntase a transferencia da Entidade Local. Total do capítulo.- 441.174,26€ ó (53,72%) do consignado.

CAPITULO 5.- INGRESOS PATRIMONIALES.- Total do capítulo.- 100,00€ ó (0,1%) do consignado.

Cabe resaltar que este ano, os ingresos metálicos por xestión urbanística e substitución do aproveitamento en especie imputable ó Concello pola súa equivalencia económica, redúcense pola situación actual de crisis, non preveéndose transferencias de capital a favor da Entidade Local.

ESTADO DE GASTOS.

CAPITULO 1.- GASTOS DE PERSONAL.- Contémplase unha redución do - **1,79%** do personal funcionario e do - **2,11%** do personal laboral. Total do capítulo.- 617.247,26€ ó (75,16%) do consignado.

CAPITULO 2.- GASTOS CORRENTE EN BENS E SERVICIOS.- Contemplase crédito suficiente para cubrir tódolos gastos de servizos externos, como poden ser os de limpeza, enerxía eléctrica, e outros gastos. Total do capítulo.- 204.027,00€ ó (24,84%) do consignado.

NAUTA SANXENXO, S.L.

O estado de previsión do gasto e ingresos da sociedade ascende a 11.975.536,30€, cifra moi similar a do ano 2010. A presente sociedade non consolida ós efectos de endebedamento, o ser os seus ingresos de mercado autosuficientes dende o punto de vista financeiro.

Os ingresos básicos esenciais da sociedade son os seguintes: **alugamentos de tránsito de embarcacións, servizo de grúa a embarcacións, servizos de mantemento á embarcacións, servizos de suministros de embarcacións**, polo tanto son ingresos típicos de explotación.

A sociedade, ademais da **explotación do espacio portuario, según os precios da concesión administrativa, desenrola a explotación do aparcamento, e das praias de Silgar, Baltar e Canelas.**

INSULA SANXENXO, S.L.

A sociedade deixa de recibir transferencias da Entidade Local, configurando só unha contía de 1.000,00 €, o suprimir os seus gastos internos.

Polo tanto, como conclusión para rematar, decir que estos presupostos son unha mostra de rigurosidade e sensatez, e a pesares da crisis económica actual, mantemos todos os servicios, programas, axudas, e outras prestacións, que lle vimos dando en estos anos a todos os veciños de este Concello, e todo esto, sin subirlle a carga fiscal, que é moi importante en estos momentos que estamos a pasar. “”

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, dixo que os presupostos descenderon de 114 millóns de euros a 65, 55 e 48, antes de chegar ao actual de 30, o que significa unha pendente descendente de orzamentos inflados e ficticios que demostran un declive igual ao do goberno popular. En “Insula” pasouse a incluír unha partida de 1000 euros este ano para a construción dun aparcadoiro, considerando unha vergoña crear expectativas cun resultado de xestión igual a cero. Polo que respecta á “Xerencia de Urbanismo” non da nin para cubrir gastos. O interveniente sinalou que había que subir a recadación e que, coa ponencia, hai que ter atrevemento, valor e xustiza e, despois, tería que beneficiarse ao que o mereza, non permitindo un cobramento do 0.46 % a todos. Tamén se preguntou canto se cobra polo imposto de construcións e canto hai pendente de cobramento. Por último explicou que o cobrado aos veciños polos impostos tense que devolver despois con servizos, sendo tamén partidario de incrementar a débeda no que sexa necesario para dar servizos aos cidadáns que o necesiten, evitando eso si, o despilfarro do goberno actual e modificando a política económica e recadatoria para evitar un presuposto patético e irrisorio para cubrir gastos.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, indicoulle á Sra. Alcaldesa que nin os seus compañeiros cren na súa xestión, salientou que o orzamento da “Xerencia de Urbanismo” é de 821.000 euros, necesitando unha achega do concello de 441.000 euros, o que demostra a mala xestión. En canto a investimentos redúcense ao remate da gardería e o centro socio-cultural de Vilalonga, necesítándose o resto do orzamento para cubrir gastos, non incrementándose o investimento nin con administracións “amigas”, o que volve a demostrar a xestión que se realiza.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, empezou a súa intervención sinalando que a política económica do concello debe ser distributiva e lembrou que non se recadaban 4 millóns de euros no IBI a persoas que non viven en Sanxenxo. Sobre a manifestación feita de que non se soben os impostos, o certo é que este ano non se incrementan pero os primeiros exercicios si e indicou que había 226 traballadores na plantilla, se fosen 100 sería moito mais fácil pagar as débedas. Tamén puntualizou que non dixo que ía baixar as subvencións se non o que se indicaba no informe de intervención. Tamén resaltou partidas en gastos como a do aluguer de vehículos, con 134.000 euros e publicidade e propaganda, con 55.000 euros. Respecto da “Xerencia de Urbanismo” sinalou que, cun orzamento de 821.000 euros, tiña 16 traballadores, algúns sen estar alí durante meses, engadindo que o seu déficit é de 441.000 euros, que ten que cubrir o concello, non recadando nin para o seu persoal (486.000 euros). A “Terra” tamén se lle traspasan 3 millóns de euros, en cambio se pagan alugueres de locais cando podían aforrarse estas cantidades con outras ubicacións e axilizando a aprobación do Plan Especial do Revel. Por último

indicou que votaría en contra dos presupostos por non facer a necesaria xustiza social distributiva, tratándose duns orzamentos sen sentido e que se limitan a vivir dos impostos dos veciños, finalizando a súa intervención para indicar que se salvaron os investimentos grazas aos “Plans E”, que non supuxeron capacidade de xestión algunha por parte do goberno.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, di que non lle estrañou a intervención dos anteriores concelleiros porque sempre votan en contra dos presupostos, indicando que cumpren coas premisas detalladas na intervención do anterior punto da orde do día, non se soben os impostos, se mantén e incluso se incrementa un 6% o orzamento de “Terra” para gasto social, se diminúe o gasto corrente en 1.200.000 euros e se produce unha importante redución do déficit deducido. Tamén fixo referencia aos beneficios que está deixando “Nauta” e que non citou a oposición, a pesar de que o BNG, no seu día, pretendeu privatizar o porto. Referiuse a que se fixeron obras en plans plurianuais que teñen que pagarse durante varios anos, aínda así se mantén a estrutura do concello, sen ter que retocar os impostos.No referente ao emprego lembrou o importante esforzo que supuxo traer un obradoiro de emprego a este concello e sobre os aparcadoiros aludiu ao que está licitando a Deputación.Polo que respecta a recadación estase a mellorar día a día e precisou que a lei non permite gravar terreos de distinta maneira en función do propietario.Tamén explicou que non se tocaba o patrimonio municipal do solo valorado en 50 millóns de euros.Dixo que o PXOM trouxo riqueza para moitos veciños de Sanxenxo e sobre a referencia a falta de xestión feita pola concelleira socialista, dixo que ela tiña o récord, na época do goberno do bipartito da Xunta, de non traer un so euro ao concello, cando agora a alcaldesa acaba de asinar un convenio para a gardería de o Revel dun importe de 800000 euros e conseguiu 10 millóns de euros para a reforma da PO-308. Ao Sr. Rodríguez Lorenzo lembroulle que no pasado púxose á fronte da manifestación contra a ponencia de valores e volveu a sinalar que este goberno conxelou as taxas e os impostos e non deixará de dar subvencións as asociacións do concello, estrañándolle a crítica referente ao importe do aluguer de vehículos, cando o voceiro do Grupo Mixto deixou, na súa época de alcalde, facturas por importe de 120.000 euros por arranxo de vehículos.

O Sr. Otero Domínguez volveu a incidir en que se trataba dun presuposto de mínimos e aclarou que o incremento do gasto social en “Terra” débese, unicamente, a que volve a estar no orzamento dese organismo o gasto correspondente ao Centro de Día, que se sacou con motivo do “Plan E”. En canto ao compromiso co emprego o interveniente indicou que el fala de algo maior que o obradoiro, como é o parque empresarial, que viu como se anulaba o seu plan de equidistribución, preguntándose que pasa coas licenzas que se concederon, o que demostra que non hai política de promoción de emprego, nin de industria, o que é grave cando máis de 1500 persoas de Sanxenxo están no paro. En canto as políticas sociais o que se debería facer era rescatar o Centro de Día, co que se melloraría o servizo e se aforrarían gastos. Por último indicou que existen fórmulas que permiten que o esforzo fiscal se dirixa a quen debe pagar e que votaría en contra duns presupostos que supoñen o fracaso da xestión dunha etapa de goberno.

A Sra. Aguín Pombo, respecto da referencia do Sr. Casal Moldes sobre o seu interese en percorrer o concello para coñecer o patrimonio municipal, aclarou que o indicado concelleiro ten todo o tempo que lle permite a súa exclusividade para percorrelo, non como ela, aínda así, non pode deixar de visitar instalacións como a Casa de Don Fernando, o Pazo de Quintáns ou o centro socio-cultural que se empezou a construír e que están en lamentables condicións.Engadiu que debían apoiar a outras administracións para promover actuacións en Sanxenxo, como o proxecto da terceira fase da Lanzada por importe de 4,5 millóns de euros. Tamén sinalou que o aparcadoiro da Avda. Luis Rocafort non se pode facer sen terreos e rematou

indicando que votan en contra das propostas do grupo socialista e logo intentan desenvolvelas apropiándose delas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** sinalou que podería relatar as obras que viñeron no programa do Partido Popular e que non se fixeron, indicando que, con 5 millóns mais que se obtiveran cunha mellora de recadación, se poderían realizar moitos investimentos interesantes para os veciños. Polo que respecta ao aparcadoiro de Luis Rocafort o lóxico era que a Deputación Provincial cedera o terreo ao concello para que este o explotase e, na actualidade, salientou que para facer as obras era preciso dispoñer dos terreos e o concello aínda non os cedeu á Deputación. En canto á estrada PO-308 non é de competencia municipal e sinalou, acerca da manifestación da ponencia de valores, que o volvería facer, engadindo que a xente quedou satisfeita como o demostrou a súa elección posterior de alcalde con maioría absoluta, porque ao pobo tamén lle gusta a xestión distributiva. Polo que respecta á “Xerencia” anunciou que, no caso de gobernar, ía durar o que lle custe asinar o decreto correspondente.

O **Sr. Casal Moldes** dixo que os presupostos moi mal non deben estar, cando a oposición falou de todo pero non presentou nin emendas nin propostas, engadindo que son orzamentos adaptados á realidade, cribles, sen suba de impostos e sen malvender o patrimonio. Explicou que en “Terra” con menos faise mais, optimizando os servizos. Acerca do polígono sinalou que está aprobado novamente o proxecto de compensación e que este fin de semana pasado procedeuse a incautar a fianza polo incumprimento da empresa urbanizadora, precisando que nese polígono existen 16 licenzas concedidas. O interveniente resaltou que o Centro de Día era municipal, aínda que xestionado por unha empresa e que o concello adquiriu patrimonio mediante a compra do Pazo de Quintáns e a Casa de Don Fernando para arranxalas cando se poida. Continuou indicando que, respecto do proxecto de Costas, xa fai tempo que o concello enviou alegacións das que non se sabe nada e procedeu a relatar investimentos realizados con fondos propios, como os campos de fútbol ou as humanizacións, lembrándolle á Sra. Aguín Pombo que solo presentaba mocións cando sabía que se ían a realizar investimentos. Ao Sr. Rodríguez Lorenzo indicoulle que o aparcadoiro de Luis Rocafort se realizará e que a mellora da PO-308 será posible grazas ás xestións realizadas pola alcaldesa ante a Xunta. Por último alabou o traballo do Concelleiro de Facenda, Sr. López Méndez, non só nestes presupostos, se non en aqueles que no seu día foron os máis altos da historia deste concello.

A **Sra. Alcaldesa** empezou dicindo que si se podía visitar o patrimonio municipal era porque este goberno o adquiriu. Ao Sr. Rodríguez Lorenzo indicoulle que puxo en marcha unha ponencia de valores e logo estivo diante dunha manifestación en contra da mesma. Defendeu a súa xestión na mellora da estrada PO-308 e especificou que este goberno non ía subir os impostos. En canto ao dito polo Sr. Otero Domínguez, respondeu que non ían aumentar a débeda por responsabilidade, aínda que el se amosara a favor do incremento.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP).

Votos en contra: 7 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto)

Abstencións: cero

En consecuencia o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o orzamento xeral consolidado do Concello de Sanxenxo para o ano 2011 que integra o da propia entidade local, o O.A. Terra de Sanxenxo, o O.A. Xerencia de urbanismo, a previsión da sociedade mercantil Nauta Sanxenxo e a previsión da sociedade mercantil Ínsula por un importe total de 30.846.559,67 euros, co seguinte desglose:

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	XERENCIA	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓNS	CONSOLIDACIÓN
1	7.019.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	7.019.000,00	0,00	7.019.000,00
2	500.100,00	0,00	0,00	0,00	0,00	500.100,00	0,00	500.100,00
3	5.693.400,00	527.500,00	380.000,00	2.586.310,00	0,00	9.187.210,00	0,00	9.187.210,00
4	3.713.989,40	4.196.885,61	441.174,26	10.000,00	1.000,00	8.363.049,27	4.074.059,87	4.288.989,40
5	61.933,97	0	100,00	100,00	0,00	62.133,97	0,00	62.133,97
6	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	410.000,00	0,00	0,00	6.385.626,30	0,00	6.795.626,30	0,00	6.795.626,30
8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9	0,00	0,00	0,00	2.993.500,00	0,00	2.993.500,00	0,00	2.993.500,00
TOTAL	17.398.423,37	4.724.385,61	821.274,26	11.975.536,30	1.000,00	34.920.619,54	4.074.059,87	30.846.559,67

ESTADO DE GASTOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	XERENCIA	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓNS	CONSOLIDACIÓN
1	4.955.894,31	1.704.603,61	617.247,26	625.507,98	0,00	7.903.253,16	0,00	7.903.253,16
2	6.312.469,19	2.641.872,00	204.027,00	625.809,45	1.000,00	9.785.177,64	0,00	9.785.177,64
3	350.000,00	25.000,00	0,00	72.222,02	0,00	447.222,02	0,00	447.222,02
4	4.140.059,87	352.910,00	0,00	0,00	0,00	4.492.969,87	4.074.059,87	418.910,00
6	548.000,00	0,00	0,00	9.826.996,85	0,00	10.374.996,85	0,00	10.374.996,85
7	62.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	62.000,00	0,00	62.000,00
8	0,00	0,00	0,00	600.000,00	0,00	600.000,00	0,00	600.000,00
9	1.030.000,00	0,00	0,00	225.000,00	0,00	1.255.000,00	0,00	1.255.000,00
TOTAL	17.398.423,37	4.724.385,61	821.274,26	11.975.536,30	1.000,00	34.920.619,54	4.074.059,87	30.846.559,67

SEGUNDO: Aprobar o cadro de personal que figura como anexo do orzamento e que se aproba conxuntamente co orzamento de acordo co disposto no artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

TERCEIRO: Proceder á exposición pública do orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se insertará no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de reclamacións, entendéndose, definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran.-----

476º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO “REGULAMENTO DOS MERCADOS DE ABASTOS DO CONCELLO DE SANXENXO”. Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 24 de marzo sobre esta proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, precisou que, tan só, tratábase dunha aprobación inicial ante a que se poden presentar alegacións, motivo polo cal, absteranse para un mellor estudo do regulamento e presentar as alegacións que correspondan.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, sinalou que se ía

abster porque non puido presentar nada ante a inxente cantidade de documentación que lle deron para estudar, tan so en 48 horas, logo de que a convocatoria das comisións a fixeran o luns as 21.30. Engadiu que estudaría o regulamento e presentaría alegacións para que se volvera debater.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP).**

Votos en **contra: 0.**

Abstencións: 7 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o **“REGULAMENTO DOS MERCADOS DE ABASTOS DO CONCELLO DE SANXENXO”**, que se achega a esta proposta e que consta de **26 artigos e unha Disposición Adicional.**

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia o expediente para os efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se producisen.

TERCEIRO: O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-----

477º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO “REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTO-TAXI) DO CONCELLO DE SANXENXO”. Polo **Sr. Secretario** dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 24 de marzo sobre esta proposta.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, reproduxo o comentado no punto anterior, engadindo que este asunto tamén merece estudo, se ben podía sinalar que, comparativamente, este regulamento asemellábase ao propio dunha cidade, non tendo nada claro que fose un modelo extrapolable a Sanxenxo, coas particularidades que ten este concello de poboación dispersa e estacional, entendendo que procedería a realizar unha proposta máis suavizada, lembrando que se está a falar de traballadores autónomos e que o apoio a este regulamento foi por maioría pero non por unanimidade do sector.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que votaría do mesmo sentido que en comisión.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que o manifestado no anterior punto valía tamén para este.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP).**

Votos en **contra: 0.**

Abstencións: 7 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o “**REGULAMENTO DO SERVIZO PUBLICO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTO-TAXI) DO CONCELLO DE SANXENXO**”, que se achega a esta proposta e que consta de **66 artigos e unha Disposición Transitoria.**

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia o expediente para os efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se producisen.

TERCEIRO: O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-----

Seguidamente e, antes de pasar ao punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a tratar as seguintes

MOCIÓNS :

478º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER (R. de entrada núm. 1034 do 28/02/11): Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dª Mª Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura a moción que a continuación se transcribe:

“”””MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE SANXENXO CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

En Sanxenxo a 8 de marzo de 2010.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Sanxenxo desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Acordos recentemente concertados entre Goberno, Sindicatos e Sector Empresarial significan un bo comezo para remontar a actual situación de crise económica na que o noso país e os

conxunto da UE están sumidos nos últimos anos. Pero tamén se fai necesario, para superar esta ardua etapa, que as Administracións máis próximas á cidadanía, os Concellos, acaden un Pacto de compromiso y de responsabilidade ca cidadanía, para erradicar definitivamente as desigualdades entre homes e mulleres aínda existentes na nosa sociedade.

Crear e manter un modelo social máis igualitario, máis eficiente e máis produtivo, con maior cohesión social e sen poñer en perigo o Estado de Benestar, fai necesaria unha reflexión en profundidade e unha toma de decisións meditada pero decidida como fin último da xestión municipal, que non só repercutirá no ben común nos eidos máis próximos, senón tamén no ámbito xeral de todo o país.

Debemos pois forxar un novo paradigma de servizos sociais máis acorde ca realidade das mulleres dan nosa sociedade actual para reducir os desequilibrios entre mulleres e homes.

A responsabilidade do privado sigue sendo, case exclusivamente, das mulleres, e senón acadamos que os homes se conciencien e compartan as responsabilidades familiares, as mulleres seguirán estando en clara desvantaxe. Porque a igualdade "real e efectiva" pasa pola incorporación das mulleres a un emprego de calidade nas mesmas condicións que os homes, e isto esixe un reparto igualitario da esfera do privado, dos asuntos domésticos e dos coidados. Só cunha verdadeira corresponsabilidade entre homes e mulleres se equilibrarán realmente as oportunidades para elas.

Por elo, a corresponsabilidade entre homes e mulleres no privado, o acceso das mulleres ao mercado laboral e en postos de traballo de calidade, así como o empoderamento das mulleres no público, son os instrumentos que nos permitirán remover positivamente as estruturas sociais baseadas na antiga sociedade patriarcal.

Esta tarefa debe comezar dende a xestión dos concellos porque é de onde parte a posta en marcha das políticas de Igualdade para acadar que o enorme potencial humano, social e económico que significan as mulleres na sociedade, contribúa decisivamente a mellorar a nosa situación económica e a seguir avanzando en materia de igualdade entre homes e mulleres.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno, para a súa aprobación si procede, a seguinte **MOCIÓN**:

Dende o eido municipal, se fai necesario:

1. Incorporar a perspectiva de xénero ás políticas activas de emprego que se desenvolven a nivel local.
2. Repensar os horarios, apostando pola flexibilidade nos servizos públicos, a armonización dos tempos escolares e unha racionalización dos horarios comerciais para que sexan compatibles coa conciliación da vida profesional e persoal de mulleres e homes.
3. Extender a rede de servizos de atención aos menos de 0 a 3 anos e ás persoas en situación de dependencia, así como a ampliación de horarios de escolas infantís e centros de día para persoas maiores e persoas con discapacidade.
4. Fomentar a posta en marcha de proxectos de apertura para os centros escolares co fin de atender as necesidades de conciliación das familias de cada centro, segundo as demandas familiares. Se desenvolverán os servizos de almorzo, comedor e actividades extraescolares necesarias para a conciliación no período lectivo. Do mesmo xeito, garantiremos a posta a disposición das familias de servizos de atención infantil de carácter lúdico durante os períodos de vacacións escolares.
5. Reforzar os programas de Servizo de Axuda a Domicilio e Tele-asistencia para a atención das persoas sen situación de dependencia, maiores, familia en risco de exclusión e persoas con discapacidade, promovendo a creación de emprego feminino e a actividade emprendedora das mulleres neste sector, á vez que se potencia a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.
6. Desde os servizos e orientación, formación e intermediación municipais para o

emprego, se fomentarán Programas Estratéxicos de Promoción da Igualdade de Oportunidades nas empresas. De acordo ca Lei de Contratos do Sector Público, se incorporarán, na adxudicación de contratos públicos, cláusulas que permitan valorar positivamente ás empresas socialmente responsables ca igualdade.

7. Estimular as iniciativas emprendedoras das mulleres e fornecemento das redes de mulleres empresarias, a través de axudas económicas (subvencións e micro-créditos). Neste contexto, e dende as políticas sociais, incentivaremos o acceso das mulleres ás tecnoloxías da información e o coñecemento, porque isto terá importantes efectos económicos e sociais.

8. Impulsar a loita contra a feminización da exclusión social, adecuando a resposta e os recursos dos Servizos Sociais ás diferentes necesidades dos colectivos de mulleres en situación ou risco de exclusión e estimulando o acceso aos recursos educativos, sociais e económicos. """"

A **Sra. Aguíñ Pombo** xustificou a urxencia da moción pola referencia ao Día Internacional da Muller, aínda que precisou que felicitaba ao concello polas actuacións que se estaban realizando neste senso no CIM.

A continuación a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación.**

A **Sra. Aguíñ Pombo** reiterou os argumentos expostos na moción.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, sinalou que o Partido Popular apoiaría a moción sempre que se incluía un noveno punto no que se indicase que se instara ao goberno do Estado a aportar ás entidades locais os recursos necesarios para poder levar adiante as medidas descritas nos puntos anteriores.

A **Sra. Aguíñ Pombo** dixo que non tiña inconveniente en permitir a engádega dese noveno punto á moción sempre que se incluía tamén á Xunta de Galicia, algo co que se mostrou de acordo o voceiro do Grupo Popular.

A continuación a **Sra. Presidenta someteu a votación a moción coas engádegas** sinaladas nas intervencións anteriores, resultando **aprobada por unanimidade dos corporativos presentes e adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Incorporar a perspectiva de xénero ás políticas activas de emprego que se desenvolven a nivel local.

SEGUNDO: Repensar os horarios, apostando pola flexibilidade nos servizos públicos, a armonización dos tempos escolares e unha racionalización dos horarios comerciais para que sexan compatibles coa conciliación da vida profesional e persoal de mulleres e homes.

TERCEIRO: Extender a rede de servizos de atención aos menos de 0 a 3 anos e ás persoas en situación de dependencia, así como a ampliación de horarios de escolas infantís e centros de día para persoas maiores e persoas con discapacidade.

CUARTO: Fomentar a posta en marcha de proxectos de apertura para os centros escolares co fin de atender as necesidades de conciliación das familias de cada centro, segundo as

demandas familiares. Se desenvolverán os servizos de almorzo, comedor e actividades extraescolares necesarias para a conciliación no período lectivo. Do mesmo xeito, garantiremos a posta a disposición das familias de servizos de atención infantil de carácter lúdico durante os períodos de vacacións escolares.

QUINTO: Reforzar os programas de Servizo de Axuda a Domicilio e Teleasistencia para a atención das persoas sen situación de dependencia, maiores, familia en risco de exclusión e persoas con discapacidade, promovendo a creación de emprego feminino e a actividade emprendedora das mulleres neste sector, á vez que se potencia a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

SEXTO: Desde os servizos e orientación, formación e intermediación municipais para o emprego, se fomentarán Programas Estratéxicos de Promoción da Igualdade de Oportunidades nas empresas. De acordo ca Lei de Contratos do Sector Público, se incorporarán, na adxudicación de contratos públicos, cláusulas que permitan valorar positivamente ás empresas socialmente responsables ca igualdade.

SÉTIMO: Estimular as iniciativas emprendedoras das mulleres e fornecemento das redes de mulleres empresarias, a través de axudas económicas (subvencións e microcréditos). Neste contexto, e dende as políticas sociais, incentivaremos o acceso das mulleres ás tecnoloxías da información e o coñecemento, porque isto terá importantes efectos económicos e sociais.

OITAVO: Impulsar a loita contra a feminización da exclusión social, adecuando a resposta e os recursos dos Servizos Sociais ás diferentes necesidades dos colectivos de mulleres en situación ou risco de exclusión e estimulando o acceso aos recursos educativos, sociais e económicos.

NOVENO: Solicitar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia que aporten ás entidades locais os recursos económicos para poder executar as actuacións previstas nos anteriores puntos deste acordo.-----

479º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A LIMPEZA E ASFALTADO DO CAMIÑO DE GONDAR (R. de entrada núm. 1641 do 24/03/11): Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo, dáse lectura a moción que a continuación se transcribe:

“”””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

O camiño de Gondar (que vai dende a entrada, a carón do Bar Reiniño ata a pista da Capela de Santo Tomé) atopase en estado ruinoso, o asfaltado esta estalado, as cunetas sen limpar, as herbas invaden o camiño, e toda a pista esta chea de pedras e gravilla. Este estado dificulta o paso tanto de coches coma de peóns o tratarse dun camiño de entrada á zona de Gondar.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

Que se procede por parte da Concellalía de Infraestructuras e Obras así como a Concellalía de Servizos e Medio Ambiente deste Concello a limpeza deste camiño e o asfaltado do mesmo nun prazo breve de tempo.””””””

A **Sra. Agúín Pombo**, en xustificación da urxencia, indicou que se trataba dunha petición que fixeron os veciños ante a pésima situación na que se atopa o camiño.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que, recoñecendo que se trataba da estrada que peor está, intentaban conseguir un acordo con todos os veciños para poder ampliála e realizar entón o arranxo, xestión que está a realizar o concelleiro de infraestructuras e motivo polo que votarán en contra da urxencia.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que non foi apreciada ao obter **7 votos a favor** (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto), **9 votos en contra** (Grupo Municipal do PP) e **0 abstencións**.-----

480º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO SE REALICEN OS PAGAMENTOS DAS SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS: Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **D^a M^a Dulcinea Agúín Pombo**, dáse lectura a moción que a continuación se transcribe:

””””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Agúín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

Como dende hai moitos anos as Asociacións teñen que esperar moito tempo para cobrar as Subvencións por parte do Grupo de Goberno.

Moitas destas asociacións, culturais, deportivas, anpas, etc. están pasando serios apuros económicos para desenrolar as súas actividades poñendo os seus directivos cartos dos seus petos.

O realmente preocupante é que as Asociacións teñan que recurrir os medios de comunicación denunciando a falla de pago das subvencións por parte do Grupo de Goberno.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Que se realice o pagamento das subvencións correspondentes no menor tempo posible.

2. Que nas próximas convocatorias se axilicen os trámites de pagamento.””””””

A **Sra. Agúín Pombo** xustificou a urxencia da moción porque diversos colectivos

puxéronse en contacto co seu grupo para manifestar a súa preocupación polo atraso no aboamento das subvencións, que nalgúns casos incluso chega a facer perigar as propias entidades.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que o Grupo Popular ía votar en contra porque se non se realizaron os pagamentos é porque aínda non existía cantidade suficiente para realizar todos os aboamentos a todas as asociacións ao mesmo tempo, preguntándose respecto do manifestado pola Sra. Aguíñ Pombo, que se algunha asociación depende tanto da subvención municipal para subsistir era para replantexarse a súa situación.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da **urxencia da moción, que non foi apreciada** ao obter **7 votos a favor (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto), 9 votos en contra (Grupo Municipal do PP) e 0 abstencións.**-----

481º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO Á XUNTA DE GALICIA A APERTURA DUN EXPEDIENTE SANCIONADOR ÁS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS (R. de entrada núm. 1694 do 26/03/11): Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, **D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, dáse lectura a moción que a continuación se transcribe:

“””” José-Luis Rodríguez Lorenzo, concejal por VIPS, Veciños Independentes Por Sanxenxo, ante la corporación Expone:

Una de las quejas mas generalizadas que llevamos meses escuchando a los vecinos y que padecemos la gran mayoría de los ciudadanos es el descontrol que estamos soportando en los recibos de la energía eléctrica, documentos farragosos de difícil entendimiento para la mayoría de los mortales y que todavía nos lo han complicado más al hablar de consumos estimados y reales, vulnerando los derechos de los consumidores al no recibir una información eficaz y suficiente, facturando lo realmente consumido y no lo que estiman, cargando servicios no usados o consumidos de manera efectiva, lo que es abusivo y por lo tanto, prohibitivo y sancionable.

Mayoritariamente los ciudadanos demandamos que las eléctricas vuelvan al antiguo sistema de facturación bimestral, realizando lecturas mensuales, es decir, por la realmente consumida.

Las compañías eléctricas no expresan como realizan la regularización del consumo para adecuar la facturación a la lectura real, dando lugar a una factura incomprensible para la mayoría de los consumidores.

El cambio de la normativa que impuso la facturación mensual estimada ha dado lugar a un número importantísimo de los consumidores de este país y el malestar generalizado de la mayoría de los consumidores. Al decir de entendidos en la materia, se impuso este sistema para camuflar la subida real de la electricidad, estimada en un 50% de media en los últimos años.

Es la opinión de VIPS que la liberalización del sector eléctrico en España, causa malestar y preocupación en los consumidores y no responde a los criterios de Comunidad Europea, ya que el mercado sigue monopolizado y unas disposiciones administrativas plagadas de errores que, en definitiva, pagamos todos.

Por todo lo anterior y por el hecho de que VIPS considera la electricidad, junto con el agua, los primeros servicios de interés público, sometemos a la consideración de la Corporación, la siguiente **MOCIÓN:**

PARA QUE SE TOME EL ACUERDO DE SOLICITAR DEL GOBIERNO DE LA XUNTA QUE ABRA EXPEDIENTE SANCIONADOR A LAS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS (COMO YA SE HIZO EN OTRAS AUTONOMÍAS), QUE FACTURAN POR SERVICIOS NO PRESTADOS O CONSUMIDOS DE MANERA EFECTIVA, CONSIDERÁNDOLO UN PROCEDIMIENTO ABUSIVO Y POR LO TANTO SANCIONABLE Y A PROHIBIR.””””””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** di que a urxencia desta moción se xustifica polo feito de que as medidas solicitadas xa se adoptaron noutras comunidades, como Madrid, engadindo que o recibo da electricidade é moi farragoso e de difícil comprensión e que a propia lectura adoítase realizar sempre en contra dos intereses dos veciños.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación.**

Ao non producirse intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a **moción a votación, na que, por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

ROGOS :

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 24/03/11 (R. DE ENTRADA NÚM. 1640): Pola **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Agúin Pombo**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe:

””””**ROGO** que formula **Dna. Dulcinea Agúin Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Coa recién chegada da primaveira, e con bós días de calor, o número de persoas que visitan a Lanzada aumentan considerablemente sobre todo durante o fin de semana. Este pasado caluroso fin de semana había moitas persoas paseando pola zona da Lanzada, moitas delas tiveron a necesidade de ir os servizos públicos os cales se atopaban pechados. É necesario nesta época é sobre todo durante o fin de semana que os servizos estén abertos para uso das persoas que o necesiten.

ROGO: que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.””””””

A **Sra. Alcaldesa** indicou que o trasladaría ao Concello de O Grove que é o que ten a xestión dos servizos, posto que Sanxenxo tan só facilita a conexión á rede de sumidoiros.---

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 28/03/11: Pola **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Agúin Pombo**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe:

“”””**ROGO** que formula **Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

A pista de Taboadelas (carretera Salgueira a depuradora) é unha estrada moi utilizada polos veciños/as de Vilalonga, atópase sen case asfalto, canalizacións obstruídas, sen limpeza viaria, es en iluminación viaria, etc.

ROGO: Que por parte desta Alcaldía se adopten con urxencia as medidas necesarias para solucionar dunha vez por todas os problemas mencionados.””””-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 17/03/11 (R. DE ENTRADA NÚM. 1381): Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, **D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe:

“”””**JOSE LUIS RODRÍGUEZ LORENZO**, representante en la Corporación, del partido político **VIPS (Vecinos Independientes Por Sanxenxo)**, manifiesta.

Hace unos siete años, concejales pertenecientes a su partido realizaron gestiones para la cesión de linderos en una pista que discurre desde Casal a Buezas en Nantes; incluso se le metieron unos arillos a un pozo para mejor canalización de las abundantes aguas de la zona. Todo ello, las cesiones y demás se llevaron a cabo debido a la promesa de que a continuación se seguiría con las obras que quedaban pendientes y que consistían en la colocación de unos 50 metros de tuberías, compactado con zahora y asfaltado de los aproximadamente 750 metros de la mencionada pista.

Hemos visitado la pista y después de caminar por la misma unos cien metros desistimos de la andadura pues su estado no aconsejaba continuar. Como quiera que los vecinos han cedido a las peticiones municipales, encabezadas por dos ex concejales, es por lo que le hacemos con motivo de una petición vecinal, el siguiente **RUEGO**:

Por ser una promesa realizada por el grupo de gobierno, del cual Usted formaba parte, habiendo demandado de los vecinos las cesiones que se llevaron a término, entendemos que se debe continuar lo iniciado y rematar la obra procediendo al compactado y asfaltado de la pista que desde O Casal discurre hasta Buezas, en la parroquia de Nantes.

No solo debemos tener en cuenta la promesa, también la necesidad de la obra debido al estado intransitable en el que se encuentra.””””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** engadiu que se trataba dunha petición veciñal, aínda que talvez non se debeu iniciar o que se fixo porque o ancho do camiño non era o aconsellable en todo o traxecto.-----

PREGUNTAS :

1º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, respecto da execución do aval do polígono do SU-15, preguntou cando se fixo o informe de taxación, canto custa rematar o que está pendente de executar e de que informes técnicos se dispoñen para tomar a decisión de incautar o aval.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que era imposible recibir a obra sen que previamente

este rematada, a pesar de que haxa alguén que o pida e engadiu que o orzamento da subestación eléctrica ascendía, aproximadamente, a 1.700.000 euros e o resto das obras necesarias figuran no expediente e alí esta valorado, contando con informes municipais sobre a incautación do aval, que tamén figuran no expediente, ao que pode ter acceso na Xerencia de Urbanismo.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 24/03/11 (R. DE ENTRADA NÚM. 1639): Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguíñ Pombo, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe:

“”””Dona **Dulcinea Aguíñ Pombo**, voceira do **PsdeG-PSOE** do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**:

Dende fai tempo a Asociación Cultural San Pedro de Bordóns presentou por rexistro una solicitude para que se procedese a aprobación en pleno do nome da praza de Bordóns, Manuel Cortés, sen que ata día de hoxe teñan notificación algunha.

¿Pode decirnos cal é a causa da devandita demora? ¿cando teñen pensado solucionar a petición realizada pola Asociación Cultural San Pedro de Bordóns?””””

A **Sra. Alcaldesa** contestou que a denominación das prazas e rúas non é algo unilateral dunha asociación, se non que debe discutirse en comisión informativa xunto coas aportacións que se poidan recoller dos distintos colectivos e dos propios concelleiros a efectos de consensuar un nome.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 24/03/11 (R. DE ENTRADA NÚM. 1638): Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguíñ Pombo, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe:

“”””Dona **Dulcinea Aguíñ Pombo**, voceira do **PsdeG-PSOE** do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formula as seguintes **PREGUNTAS**:

Dende o outono pasado o Grupo de Goberno, a través da empresa mixta Turismo de Sanxenxo, ven anunciando a creación de dúas rutas turísticas pola vila de Portonovo, gracias a unha subvención concedida polo Grupo de Acción Costeira.

Podería dicirnos:

- ¿A canto ascende a citada subvención?.
- ¿Cal é o custo total desta iniciativa?.
- ¿Qué lugares e rúas concretos e instalacións están previstas que se visiten nestes dous itinerarios? Especifique tanto para o itinerario de mañá como no itinerario de tarde.
- ¿Que colectivos colaboran con esta iniciativa?.
- ¿Qué medios se están empregando na difusión desta iniciativa?.
- ¿Cando está pensado que se poida desfrutar de este servizo?.
- ¿Estas visitas serán gratuítas o terán algún custe?. No caso de ter algún custe ¿A canto ascende por persoa cada unha das rutas?.

Agradeceríamos a resposta a estas preguntas por escrito.””””

A Sra. Aguiñ Fernández, concelleira do Grupo Municipal do PP, contesta dando lectura ao escrito que a continuación se transcribe:

“”””ITINERARIOS TURISTICOS GUIADOS POLA VILA DE PORTONOVO. PREGUNTAS GRUPO PSdeG-PSOE por Rexistro do Concello de Sanxenxo en dara de 24 de Marzo de 2011.

A CANTO ASCENDE A CITADA SUBVENCIÓN.

O GAC subvencionou o 46% do orzamento total do proxecto “DESEÑO E CREACIÓN DE DOUS ITINERARIOS TURÍSTICOS GUIADOS POLA VILA DE PORTONOVO” (o máximo que podía dar era o 60%). Foi un dos poucos proxectos productivos que se aprobou polos GAC na anualidade 2010.

Asemade, Turismo de Sanxenxo S.L. ten solicitado unha subvención a Turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra polo 54% restante do proxecto.

CAL É O CUSTO TOTAL DESTA INICIATIVA.

O custo total da proxecto foi 17.000 Euros, sen IVE.

O PROXECTO ESTÁ APROBADO POR UNANIMIDADE EN CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE TURISMO DE SANXENXO, SL.

LUGARES E RÚAS CONCRETOS E INSTALACIÓNS QUE ESTÁN PREVISTAS QUE VISITEN NESTES DOUS ITINERARIOS.

- Ver folletos informativos e/ou paxina web: WWW.VISITAS.TURISMODESANXENXO.COM ou WWW.TURISMODESANXENXO.COM
- Incluso se realizou cartografía dos itinerarios (ver folleto/pax web).
- Concretamente:

ITINERARIO DE MAÑÁN (“*Unha mañá en Portonovo: tradicións, costumes e historia*”):

- Explicación detallada sobre a historia e orixes de Portonovo.
- Visita ao Mercado de Abastos de Portonovo e explicación sobre a venta e variedade diaria de peixes e mariscos, segundo tempada.
- Percorrido pola Paseo da Praia de Baltar e o seu sistema dunar.
- Visita exterior polo Porto Deportivo e pesqueiro de Portonovo.
- Explicacións sobre as tradicións e costumes da Vila (bautismo da ponte do río, o encontro, San Roque, Santa Catalina, confraría de pescadores, etc.).
- Visita e explicación das estatuas monumentos ao Pescador e á Peixeira.
- Mirador de Caneliñas e explicación sobre as bateas. Visualización e explicación sobre o Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Percorrido polo Casco antigo de Portonovo, Rúa Campo de San Roque e finalización na coñecida como “Rúa dos Viños de Portonovo”.

Esta visita inclúe a degustación dunha consumición acompañada dun pincho elaborado con produtos do mar (ver locais participantes na web www.visitas.turismodesanxenxo.com)

ITINERARIO DE TARDE (“Portonovo, Vila Mariñeira ao atardecer”):

- Explicación sobre a historia, tradicións e costumes de Portonovo, incidindo sobre a súa especial relación co mar e a pesca, así como a importancia que para a Vila ten a organización de pescadores coñecida como “Pósito” ou “Confraría de Pescadores San Roque de Portonovo”.
- Explicación detallada do arte da pesca e dos seus aparellos ofrecida de primeira man polas mulleres e/ou homes do mar.
- Visita e explicación do exterior do Porto Pesqueiro, incidindo especialmente nas distintas embarcacións tradicionais.
- Visita á nave de redeiras e charla coas mesmas, visualizando e recibindo información sobre o “arte das redes”.
- Presenciar a Subasta de peixe no interior da lonxa de Portonovo e explicación detallada do seu funcionamento.

COLECTIVOS QUE COLABORAN.

De forma activa colaboran a CONFRARÍA DE PESCADORES SAN ROQUE DE PORTONOVO (especialmente no Itinerario da tarde) e o CONSORCIO DE EMPRESARIOS TURÍSTICOS DE SANXENXO.

Asemade, informouse do proxecto e deron o seu apoio ao mesmo a Asociación de Redeiras de Portonovo e a Asociación do Mercado de Abastos de Portonovo.

Por ende, mantivéronse reunións cós locais de restauración e tapas de Portonovo para darlles a coñecer o proxecto e que se sumasen á iniciativa. Recibindo unha boa acollida e esperando que se sumen máis locais co paso do tempo.

Hai que suliñar que os Itinerarios son visitas guiadas VIVAS, EN CONTINUA EVOLUCIÓN E QUE PRETENDEN INCORPORAR PROGRESIVAMENTE MÁIS COLECTIVOS LOCAIS ASÍ COMO LOGRAR UNHA PARTICIPACIÓN MÁIS ACTIVA DOS ANTERIORMENTE SULIÑADOS.

MEDIOS QUE SE ESTÁN EMPREGANDO NA DIFUSIÓN DESTA INICIATIVA.

Presentación dos Itinerarios Turísticos Guiados en Fitur 2011.

Páxina web: www.turismodesanxenxo.com ou www.visitas.turismodesanxenxo.com

Redes Sociais: Facebook, Twitter, You Tube de Turismo de Sanxenxo.

Promoción nas oficinas de Turismo municipais e do Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo.

Prensa escrita: faldón no xornal La Voz de Galicia.

Prensa escrita: reportaxe no xornal El Diario de Pontevedra.

Visita experiencial para empresarios turísticos de Sanxenxo e medios de prensa.

Work shops e Presentacións aos que Turismo de Sanxenxo está acudindo en colaboración con Turismo Rías Baixas e Deputación de Pontevedra: A Coruña, Oviedo, Ponferrada, León, Zamora, Santander, Madrid, Oporto, etc.

Ferías de Turismo: ata a data, Fitur 2011 e Turexpo 2011.

Mailings ás empresas de aloxamento de Sanxenxo.

Mailings á oficinas de turismo e institucións de Galicia.

Mailing ás axencias de viaxes maioristas e minoristas.

HAI QUE SULIÑAR QUE O PROXECTO SUBNECIONADO POLO GAC FOI O "DESEÑO E CREACIÓN DOS ITINERARIOS". AGORA, UNHA VEZ POSTOS EN MARCHA É CANDO ESTASE INICIANDO ESTA PROMOCIÓN.

CANDO ESTÁ PENSADO QUE SE POIDA DISFRUTAR DESTE SERVIZO?

Os itinerarios xa están a disposición do público dende o 15 de marzo.

Os horarios, datas e información adicional constan nos folletos e na páxina web.

O seu funcionamento é para todo o ano.

CUSTE DAS VISITAS.

ITINERARIO DE MAÑÁN (*ENGADIDO CONSUMICIÓN E PINCHO MARIÑEIRO*).

Para particulares:

Menores ata 6 anos gratis.

Menores de 6 a 12 anos, 50% de desconto.

Adultos: 8 Euros.

Para grupos:

Tarifas especiais en función do número de persoas e das particularidades da visita. Ata o 50% de desconto.

En determinadas ocasións, as visitas poden ser gratuitas (exemplo: escolares ou Ampas, etc.).

ITINERARIO DE TARDE.

Para particulares:

Menores ata 6 anos gratis.

Menores de 6 a 12 anos, 50% de desconto.

Adultos: 6 Euros.

Para grupos:

Tarifas especiais en función do número de persoas e das particularidades da visita. Ata o 50% de desconto.

En determinadas ocasións, as visitas poden ser gratuitas (exemplo: escolares ou Ampas, etc.).""""

4º) A Sra. Agúin Pombo preguntou sobre a corta de pinos que se realizou na zona do Revel, cerca do campo de fútbol.

Sra. Alcaldesa contestou que se autorizou polo concello para facilitar as labores

de medición e realización do proxecto.

A **Sra. Aguín Pombo** preguntou o custo desas labores, contestando a **Sra. Alcaldesa** que o miraría e facilitaríallo.-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 15/03/11 (R. DE ENTRADA NÚM. 1335): Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto, **D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe:

“”””JOSE LUIS RODRÍGUEZ LORENZO, representante del partido político **VIPS (Vecinos Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación, en referencia a la construcción de los locales destinados a albergar el piragüismo en nuestro municipio, expone:

Estos días leíamos en los medios frases como: “...Catalina González reclamó ayer a Costas”, “La alcaldesa solicitará una reunión con el jefe Provincial de Costas”, etc.

La Verdad es que no salimos del asombro, una vez mas se demuestra que los componentes del grupo de gobierno practican una política tipo “ruleta rusa”; primero disparan comentarios creando ilusiones y, luego a esperar a ver lo que ocurre.

Todos pensábamos que el deslinde en la zona de Baltar estaba negociado, pactado en los despachos y que sería un obstáculo a la hora de plasmar la necesidad de dicha construcción. Solo de esa forma se justificaría el que hayan gastado una enorme cantidad en el proyecto, hiciésemos la modificación en el PXOM, y comunicase a los medios que la obra estaba sería una pronta realidad a través de un convenio con **la Secretaría Xeral para o Deporte**.

Pensamos que no deben seguir esperando por el informe (además, dada su poca capacidad negociadora, nos tememos que sea negativo), un buen gestor lo que tiene es que desplazarse inmediatamente a exponer demostrar y negociar ante el Jefe Provincial, antes de que sea tarde, de que le llegue el informe negativo. Algo que algunos intentarán ocultar hasta después de las elecciones.

Es triste ver como le ganamos terrenos al mar para puertos deportivos, construimos clubes sociales y naves encima casi del agua, le dan una licencia ilegal a pocos metros de la costa a un concejal; hacemos desaparecer nuestra costa con grandes urbanizaciones, etc.; **pero no somos capaces de hacer allí donde tiene que ser, a pocos metros del agua, ejecutar un local para jóvenes piragüistas y, sus piraguas.** Políticos, técnicos y ecologistas deberían recapacitar, pero para eso hay que valer. **Dicha edificación para procurarle una vida sana a nuestros jóvenes tiene que, cuando menos, tener las mismas oportunidades que una nave para propietarios de yates de lujo encima de las rocas, o en los espacios ganados al mar.**

Estamos a 15 de marzo, por ello con la antelación suficiente para realizar las gestiones, le hacemos para su contestación en el pleno del próximo martes día 28, la siguiente **PREGUNTA:**

¿Nos puede indicar si se reunió con el Jefe Provincial de Costas., si “llegó” al Ayuntamiento el informe y en qué sentido fue emitido, o, si tiene conocimiento de que nos vayan a dar el visto bueno a la pretensión manifestada por el ayuntamiento ante dicho Organismo?. Resumiendo: ¿nos puede explicar si se ha pronunciado Costas, en que sentido, o qué previsiones se tienen?”””””

A **Sra. Alcaldesa** contestou que a anterior Xefatura de Costas estaba de acordo en que a situación elixida estaba fora da zona de dominio publico e de servidume, pero a Xefatura actual manexa os planos de outubro de 2001, correspondentes ao avance do PXOM, que reflicten un novo deslinde iniciado en 1998 e non rematado a esta data, polo que se deberían utilizar os correspondentes ao deslinde actualmente vixente, co que entendía permitiríase a construción. A **Sra. Alcaldesa** engadiu que recabaron informes do concello e trasladouselle a planimetría

correcta para obter finalmente a autorización necesaria.-----

6º) O **Sr. Rodríguez Lorenzo** pregunta a qué se debe que leven varios anos de atraso na aprobación do Plan Especial do Revel e a qué esperan para aprobalo definitivamente e legalizar a situación que alí se da.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que a tardanza se debe ao informe de sostibilidade ambiental requirido polo goberno bipartito, unha vez solventado ese problema o concello solo tardou dez días en aprobar o Plan Especial. Posteriormente, na Dirección Xeral de Urbanismo, detectouse a necesidade de corrixir uns viais en fondo de saco e actualmente estase a traballar nesas aspectos para conseguir o consenso e aprobar o Plan Especial.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** precisou que o Plan Especial foi aprobado inicialmente no 2006 e a **Sra. Alcaldesa** especificou que había que preguntar ao anterior goberno da Xunta porque se esixiu o ISA para este Plan Especial, cando para o SU-26 ,que está pegado, non requiriu tal tramitación.-----

7º) O **Sr. Rodríguez Lorenzo** deu lectura a un escrito que a continuación se transcribe:

“”””Una de las RESOLUCIONES DA ALCALDÍA, concretamente la número 295/11, de 28-2-2011, corresponde a la respuesta dada a un *“escrito enviado pola secretaría do Xulgado do contencioso-Administrativo Número UN de Pontevedra indicando que en cumprimento do acordado polo Xulgado, en relación ó recurso contencioso-administrativo, interposto pola representación de “SISTEMAS GLOBALES INMOBILIARIOS, S.L.” seguido polos trámites de Procedemento Ordinario Número 34/2011 MS, contra resolución do concello de Sanxenxo pola práctica de 993 liquidacións polo concepto tributario do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Naturaleza Urbana (IIVTNU), polo importe de 315.113,75 €, reclamando o expediente e emplazando a esta Corporación no proceso contencioso”*.

En la misma resolución se acuerda encomendar la defensa letrada al abogado **D. RAFAEL RIVEIRO ÁLVAREZ**.

Como el contencioso lo es contra las liquidaciones por plusvalías realizadas a 993 propiedades ubicadas dentro del SU 14 en Monte Faro, le preguntamos:

¿Fueron ingresados los 315.113,75 euros en las arcas municipales, ó solicitaron su aplazamiento hasta que se produzca la sentencia; en el caso de esto ultimo también saber si fue aceptada la petición?””””

A **Sra. Alcaldesa**, logo de dicirlle ao BNG que estas cantidades se cobraban aos que eles dicían que non pagaban, contestou que o ingreso está pendente ata que recaia a sentenza correspondente

O **Sr. Otero Domínguez**, por alusións, indicou que o manifestado pola Sra. Alcaldesa non se corresponde co que el dixo respecto da recadación dos impostos nos anteriores puntos e engadiu que esta empresa meteu no xulgado ao concello por este pago cando xa non son os propietarios e, ademais e con respecto ao preito de fondo que teñen interposto ao concello, puxeron como condición na venda que, no caso de obter éxito en tal preito, percibirían o 50% do importe.-----

8º) O Sr. Rodríguez Lorenzo preguntou se os propietarios do SU-13 pagaron polo mesmo concepto que o agora recorrido no SU-14, indicando a **Sra. Alcaldesa** que contestará por escrito por non ter os datos.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e tres horas e corenta minutos do día vinte e oito de marzo de dous mil once, de todo o que, como Secretario, **DOU FE :**